


Bases e Estrutura
do debate electoral
á Reitoría da
Universidade da Coruña



DELEGACIÓN DE ESTUDANTES

ETSE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ÍNDICE

Introdución	3
Data	3
Lugar e disposición dos candidatos	3
Organización e colaboración	3
Moderación	3
Estrutura do debate	3
Estrutura e duración da presentación	4
Estrutura dos bloques temáticos	4
Duración dos bloques temáticos	4
Estrutura da rolda de preguntas	5
Duración da rolda de preguntas	5
Estrutura do minuto de ouro	5
Duración do minuto de ouro	5
Orde dos bloques	6
Orde de comezo en cada bloque, na rolda de preguntas e no minuto de ouro	6
Posición dos candidatos	6
Transmisión e permisos de gravación e difusión	6
Anexo I	8
Anexo II	8
Anexo III	8

Introdución

O presente documento ten como finalidade establecer as bases e condicións que se seguirán durante o debate electoral á Reitoría da Universidade da Coruña.

Data

O acto terá lugar o día xoves 28 de novembro de 2019 e comezará ás 16:00.

Lugar e disposición dos candidatos

Desenvolverase no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (en adiante ETSECCP) da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

Os candidatos sentaranse separados, un a cada lado da moderación.

Organización e colaboración

A organizadora é a Delegación de Estudiantes da ETSECCP da UDC.

Contará coa colaboración da ETSECCP en relación á disposición de espazos e de promoción do debate e da UDC en relación á disposición de medios audiovisuais.

Moderación

O moderador garante a súa imparcialidade e a súa experiencia no ámbito informativo e universitario. Neste caso, a tarefa de moderación será levada a cabo por Luís Sotelo, exvogal da Delegación de Estudiantes da ETSECCP da UDC.

O moderador será o encargado de xestionar o debate e de facer as preguntas pertinentes en relación a cada bloque cando a situación o aconselle.

Estrutura do debate

O debate dividirse nunha presentación do debate e explicación inicial, cinco bloques temáticos, unha rolda de preguntas e un minuto de ouro final.

Estrutura e duración da presentación

Os primeiros 5 minutos do debate dedicaranse a presentar á organizadora do evento, aos candidatos e á explicación da estrutura do acto.

Por este motivo é importante que os candidatos estean mínimo dez minutos antes do inicio do debate, é dicir, sobre as 15:50.

Estrutura dos bloques temáticos

Os bloques temáticos serán os cinco descritos a continuación, e os moderadores presentarán algúns temas ao inicio e ao desenvolvemento de cada bloque.

- **Calidade Docente, Profesorado e Investigación.**
- **Administración e Servizos Universitarios.**
- **Estudantado, Deportes e Vida Universitaria.**
- **Campus Periféricos e Estratéxicos.**
- **Infraestruturas, Equipamentos e Financiación.**

Duración dos bloques temáticos

Cada bloque terá unha duración total de 20 minutos divididos da seguinte maneira:

- 1 minuto de presentación por parte dos moderadores.
- 2 minutos por candidato para presentar as súas ideas respecto aos temas do bloque.
- 15 minutos de debate libre entre os candidatos.
Neste apartado buscarase unha certa equidade no tempo de exposición de cada candidato que estará xestionado por dous auxiliares membros da Delegación de Estudantes. A pesar disto, serán quince minutos nos que se permitirán intervencións de ambos candidatos e no que se intentará evitar un dialogo encorsetado.
- Entre o terceiro e o cuarto bloque realizarase un descanso de 10 minutos para que os candidatos e asistentes poidan descansar e consultar cos seus equipos.

Deste modo a primeira parte dos bloques terá unha duración total de 20 minutos por os 5 bloques máis 10 minutos de descanso, o que da un total 110 minutos ou 1 hora e 50 minutos.

Estrutura da rolda de preguntas

Despois dos cinco bloques temáticos terá lugar unha sexta parte do debate centrada en preguntas do público que asista ao salón de actos e das persoas que fagan preguntas vía streaming.

A quenda de palabra irán dándoo os moderadores en orde e para as preguntas vía streaming haberá uns auxiliares que estean apuntándoas.

Duración da rolda de preguntas

Esta rolda durará un máximo de 30 minutos (a non ser que os candidatos estén de acordo en alongalo se hay moita demanda de preguntas), estruturados da seguinte maneira:

- 1 minuto de presentación por parte dos moderadores.
- 29 minutos (ou máis previo acordo dos candidatos) de cuestións nos que se fará unha pregunta máxima por persoa aos dous candidatos e nos que cada un terá unicamente 1 minuto para contestar á pregunta en cuestión, sen posibilidade de réplica do outro candidato, polo que o tempo total de resposta dos dous candidatos é de 2 minutos por pregunta.

Estrutura do minuto de ouro

Esta última parte do debate estará destinada a que cada candidato explique porque pide o voto para a súa candidatura.

Duración do minuto de ouro

Esta parte durará 3 minutos organizados da seguinte maneira:

- 1 minuto de presentación por parte dos moderadores.
- 1 minuto por candidato (2 minutos en total) para explicar os motivos polos que se debe votar a un Reitor ou outro.

Así a duración máxima do debate será de 5 minutos de presentación, 110 minutos dos cinco bloques, 30 minutos (ampliábles se o acordan os candidatos) da rolda de preguntas e 3 minutos do minuto de ouro. Isto fai un total de 148 minutos, é dicir, 2 horas e 28 minutos. Polo que o debate rematará como máximo (a falta de retrasos ou imprevistos) ás 18:28 horas.

Esta hora é provisional e podería extenderse se os candidatos aceptan responder a máis preguntas do público.

Orde dos bloques

A orde dos bloques sortearase mediante papeletas que irán sacando alternativamente cada un dos candidatos, comezando a sacar por orde alfabética de apelido.

Esta orde quedará indicada no Anexo I deste documento.

Orde de comezo en cada bloque, na rolda de preguntas e no minuto de ouro

A orde de comezo en cada bloque sortearase co lanzamento dunha moeda ao aire para cada parte ordeado según o Anexo I. Buscarase unha equidade no número de bloques que comeza cada candidato, de xeito que no momento en que un candidato acade iniciar tres bloques os seguintes dous serán comezados polo outro candidato. Esta orde quedará indicada no Anexo II deste documento

A orde de comezo na rolda de preguntas quedará indicada mediante o lanzamento dunha moeda no Anexo II.

A orde de comezo do minuto de ouro decidírase tamén co lanzamento dunha moeda e quedará indicada no Anexo II.

Posición dos candidatos

A posición dos candidatos (mirando cara o público) á esquerda ou á dereita realizarase mediante o lanzamento dunha moeda ao aire para a posición da esquerda, quedando situado á dereita o outro candidato.

Esta orde quedará indicada no Anexo III deste documento.

Transmisión e permisos de gravación e difusión

Ambos os dous candidatos están de acordo e permiten á organización deste debate e á UDC e á Delegación a transmisión en directo deste debate, gravación e posterior difusión en Redes Sociais e plataformas de internet.

Este debate transmitirase co único fin de servir como medio de coñecemento para todos os Sectores Universitarios das propostas dos dous candidatos e non se obterán del réditos económicos.

Anexo I

De acordo ao sorteo realizado os bloques comezaranse no seguinte orde:

1. Estudantado, Deportes e Vida Universitaria.
2. Infraestruturas, Equipamentos e Financiación.
3. Administración e Servizos Universitarios.
4. Calidade Docente, Profesorado e Investigación.
5. Campus Periféricos e Estratéxicos.

Anexo II

De acordo ao sorteo realizado os candidatos que comezarán a intervención en cada bloque serán os seguintes:

- Julio Ernesto Abalde Alonso: Comezará os bloques de: Estudantado, Deportes e Vida Universitaria; Administración e Servizos Universitarios; Campus Periféricos e Estratéxicos.
- Fernando Martínez Abella: Comezará os bloques de Infraestruturas, Equipamentos e Financiación; Calidade Docente, Profesorado e Investigación.
- A rolda de preguntas comezaraa Fernando Martínez Abella.
- O minuto de ouro comezarao Julio Ernesto Abalde Alonso.

Anexo III

De acordo o sorteo realizado os candidatos quedarán situados (mirando ao público) da seguinte maneira:

- Esquerda (mirando ao público): Fernando Martínez Abella.
- Dereita (mirando ao público): Julio Ernesto Abalde Alonso.